



# Sendeiros do Río Castro

Tramo Eirixado - O Castelo (Naraío)

Tramo O Castelo - Pozo de Lamas (Igrexa feita)



- Ponte
  - Fonte
  - Muíño
  - Área Recreativa
  - Fervenza
  - Miradoiro
  - Castelo
  - Penas
  - Igrexa
  - Turismo Rural
  - Servizos
- Tramo I  
— Subida ao Mirador  
— Tramo II  
— Tramo Alternativo



**TELÉFONOS DE INTERESE:**  
 Concello de San Sadurniño: 981 490 027  
 Centro de Saúde: 981 490 463  
 Garda Civil: 981 490 006

As marxes do río Castro constitúen un lugar ideal para o descanso e a relaxación activa. Así, os Sendeiros do Rio Castro poñen en valor o territorio de San Sadurniño, amosando os seus habitantes un "contorno educador" que enriqueza o seu coñecemento e a valoración do lugar no que están a vivir. Estes sendeiros están concibidos para a realización dunha actividade física na modalidade de marcha, clara, delimitada e sinalizada de xeito estandarizado e homólogo.

## Tramo I: Eirixado Castelo de Naraío (Naraío)

**CUALIFICACIÓN DA RUTA**  
**De interese turístico, medioambiental e cultural**  
**IDADES RECOMENDADAS: Todas**  
**DISTANCIA: 5,800 Km**  
**DURACIÓN: 2 horas**  
**MEDIO DE DESPRAZAMENTO: A pé, tamén apta para BTT**  
**DIFICULTADE: Baixa**

Km/firme	PERCORRIDO	FITOS SINGULARES	COMENTARIOS
0,000 Asfalto	INICIO: na fonte de San Roque	Fonte de San Roque e igrexa de Santa María.	Posibilidade de avituallamento en Casa Eladio, no Lg.do Eirixado
0,300 Asfalto	En cruce, continuamos pola dereita ata chegar á ponte de Pereiras	Muíño de Pereiras.	Para visitar o muíño, desvímonos polo camiño de terra situado á esquerda antes da ponte.
0,700 Camiño	Desvío á dereita no lugar de Pereiras. Paso sobre o regato por pasarela de madeira	Vexetación de ribeira	En Pereiras podemos ver un exemplo de restauración de vivendas tradicionais
1,900 Asfalto	Incorporación á pista asfaltada, pasando polo lugar de Saldoiro ata a Ponte da Ferrería	Casas senlleiras en Saldoiro. Ponte da Ferrería e Porco dos Andrade.	Desvíndonos á esquerda pola pista asfaltada atopamos a 500 m o Café Bar O Campo.
2,700 Sendeiro	Campo da Bóla. Continuamos por un sendeiro de pescadores na beira do río.	Neste lugar celébrase anualmente o coñecido "Festival do Rio Castro".	A 100 m ó seu carón está a Cooperativa de Naraío, onde se pode atopar case de todo...
3,300 Sendeiro	Atravesamos o rego da Cortella (paso sobre o rego por un lousón)	Vexetación de ribeira	Hai que subir pola beira do regato ata atopar o paso do río
3,500 Sendeiro	Cruzamos a pista asfaltada na ponte de Pielas para continuar pola marxe esquerda do río	Muíño restaurado. Á dereita, regato do Carboeiro e lugar do Batán.	Fermoso tramo pola beira da canle do muíño. Ideal para gozar da natureza
4,000 Sendeiro	Crúzase á marxe dereita do río na ponte dos Foxos. Enlace cun sendeiro forestal	No medio do sendeiro atopamos o rego do Aguillón.	Á dereita atópase o lugar do Bargo.
4,900 Asfalto	Ponte de Riolimpio. Desvío á dereita en dirección ó Muíño do Castelo.	Aproveitamento do río: central hidroeléctrica e ó seu carón un muíño fariñeiro	Posibilidade de aloxamento no Hotel Rural Muíño do Castelo
5,300 Sendeiro	Subida polo monte ata o Castelo (ollo á pendente)	Fervenza do Castelo	Imprescindible desviarse a contemplar a fervenza.
5,800 Sendeiro	Paseo do Encoro.  CHEGADA: Área Recreativa do Castelo	Ponte de Saime	Recoméndase cruzar a ponte e subir ó Miradoiro do Saime (ollo á pendente). As vistas mereceno

**INTERACCIÓNS:** Ruta do Medioevo/Ruta dos Castelos

**RECOMENDACIÓNS:**  
 Calzado e vestimenta axeitada/Bebidas hidratantes e alimentos enerxéticos (froitos secos, chocolate, etc.)

**SERVIZOS:**

**Casa Eladio: 981 491 247**  
**Cooperativa de Naraío: 981 490 302**  
**Café Bar O Campo: 981 491 248**  
**Café Bar A Fontela: 981 362 589**  
**Hotel Rural Muíño do Castelo: 981 491 079**

## Tramo II: Castelo de Naraío Pozo de Lamas (Igrexafeita)

**CUALIFICACIÓN DA RUTA**  
**De interese turístico, medioambiental e cultural**  
**IDADES RECOMENDADAS: Todas**  
**DISTANCIA: 3,100 Km**  
**DURACIÓN: 1,5 horas**  
**MEDIO DE DESPRAZAMENTO: A pé, tamén apta para BTT**  
**DIFICULTADE: Baixa - Media**

Km/firme	PERCORRIDO	FITOS SINGULARES	COMENTARIOS
0,000 Camiño	SAÍDA: área recreativa do Castelo	Ponte de Saime	Recomendable a ascensión ó Miradoiro do Saime
0,500 Sendeiro	Baixada cara ó río, coincidindo con baixada ó muíño do Pico	Muíño fariñeiro do Pico, en estado ruinoso	
0,800 Camiño	Cruce cunha pista asfaltada, cruzando a ponte da Pedreira e continuamos pola marxe esquerda do río	Ponte da Pedreira. Subida a Racamonde e ó Parque Eólico	Posibilidade de realizar a ruta pola marxe dereita do río
1,800 Sendeiro	Continuación pola beira do río ata o muíño do Chileiro	Muíño fariñeiro do Chileiro	Olo co paso dificultoso de escaleiras antes do muíño
2,500 Sendeiro	Continuación ata a ponte de Remicieiro	Fermosas fragas e bosques de ribeira	Olo no camiño a derrubes, grandes pedras e lameiras
3,100 Sendeiro	Crúzase o río na ponte de madeira. CHEGADA: Área Recreativa do Pozo de Lamas.	Na beira atopamos un muíño fariñeiro de tamaño medio, con dúas pedras de grao	Excelente lugar para o repouso, o lecer e o xantar

**SERVIZOS:**

**Café Bar Xaida: 981 490 580**  
**Casa Casal: 981 490 151**

O río máis importante do municipio é o río Grande de Xubia, que cruza o concello polo centro e xunto cos seus afluentes, entre os que destaca o Castro, recolle as abundantes augas dos montes do leste e sur. A dirección que presenta esta rede fluvial é leste-oeste. Os ríos Xubia e Castro destacan polo seu valor natural, ecolóxico e paisaxístico, configurando o Lugar de Interese Comunitario de Xubia-Castro. Cunha extensión de 2074ha., e unha altitude media de 407 m., está declarado pola Xunta de Galicia como Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral.

**FONTE DE SAN ROQUE**

No entorno da igrexa de Naraío atópase esta fonte de cantería composta por unha pia de pedra sobre a que se lle colocou unha furna coa figura de San Roque.

**IGREXA DE SANTA MARÍA DE NARAÍO**

Igrexa rematada no século XVIII, na que o estilo predominante é o barroco. Algúns autores afirman que este edificio pertence ao século XI. Na actualidade e debido ás modificacións sufridas ó longo dos séculos apenas conserva vestixios do período románico. A súa planta é de cruz latina con nave principal, dúas capelas laterais e sancristía.

**PONTE DA FERRERÍA**

Lacalizada na parroquia de Naraío, que ao igual que o castelo foi construída no século XIV, pertencía á familia Andrade. Esta ponte serviu de excelente vía de comunicación na época e como fonte de recursos económicos para o señorío debido ós impostos que cobraba polo seu uso. Xunto á ponte obsérvase un gran oso de pedra, un dos símbolos dos Andrade, que se sacou do río.

**CASTELO DE NARAÍO**

O Castelo de Naraío data do século XIV. Porén, crese que os restos que hoxe podemos ver son en realidade produto da remodelación dunha fortaleza moito máis antiga. O Castelo atópase na marxe dereita do río Castro, ergueito a uns 300 metros de altitude sobre un xigantesco penedo que nalgúns lugares mesmo forma parte dos maxestosos muros. Se ascendemos pola rocha, habemos atopar restos de ata tres murallas perimetrais que noutro tempo convertían o castelo nunha fortaleza inexpugnable e ben doada de gardar desde calquera punto. A parte alta do rochedo preside a Torre da Homenaxe, á que se chega despois de cruzar dúas portas cun arco oxival nas que aínda se aprecia o escudo de armas dos Andrade. A torre aínda conserva o porte desafiante que debeu ter hai séculos. Arredor da torre hai restos doutras dependencias que se repiten na seguinte liña de muro, onde se atoparon importantes restos arqueolóxicos como moedas e anacos de cerámica.

Sen dúbida, a vista máis impresionante do conxunto obtémola desde o outro lado do río. Subindo polo camiño do Saime uns 150 metros poderemos apreciar anacos dos antigos muros, das torres e dos contrafortes, formando, pola ladeira do montículo, unha estrutura en forma de estrela que dificultaba a circunvalación exterior. Os bloques de granito cos que está construído son dun corte milimétrico e están asentados uns sobre dos outros con grande mestría malia a dificultade que debeu supoñer traballar nun terreo tan abrupto. A súa situación estratéxica, a singularidade do seu enclave, a súa adaptación ao medio e a fermosura de toda a zona, fan do Castelo de Naraío un dos mellores exemplos da arquitectura defensiva medieval. O que noutro tempo representou protección, submisión e vasalaxe, hoxe é un punto de atracción turística cun grande potencial que vai aumentando pouco a pouco grazas aos traballos de rehabilitación que se desenvolven na fortaleza.